

**EXPT. 41105-220****PROCESO SELECTIVO OFICIAL CONDUTOR (C2) (QUENDA LIBRE) CORRESPONDENTE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017-2018-2019 (3ª FASE) .****ACTA SESIÓN DO 23/10/2023. EXAME E RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS/IMPUGNACIÓNS DE PREGUNTAS DO 1º EXERCICIO TIPO TEST**

Ás 9.00 h do día 23 de novembro de 2023 reúnese o órgano de selección do proceso selectivo OFICIAL CONDUTOR (quenda libre) na sala anexa a secretaria na planta 1ª do edificio do Concello, previa convocatoria polo seu presidente, para proceder ao exame e resolución de impugnacións de preguntas do 1º exercicio tipo test.

Asisten de xeito presencial á sesión todos os membros titulares do órgano de selección:

Presidente: J. Bea Puentes, capataz do parque móbil do Concello de Vigo

Secretaria (suplente): Susana García Álvarez, letrada xefa de asesoramento do Concello de Vigo

Vogal 1º(suplente): Cándido Rodríguez Hernández, técnico de transporte e distribución da Universidade de Vigo

Vogal 2º: Francisco J. Vargas Couto, oficial condutor mecánico do Concello de Pontevedra

Vogal 3º: Benjamín Penín Fandiño, condutor maquinista adscrito ao Parque de Maquinaria da Deputación de Pontevedra

Reunidos os membros do tribunal procédese a exame e resolución das alegacións de impugnacións de preguntas do 1º exercicio tipo test; resultando a seguinte motivación:

-alegación segundo escrito presentado no rexistro con código de solicitude W982385-288 na que se impugna a pregunta nº12 e se solicita o cambio de resposta da letra "C" indicada na plantilla do primeiro exercicio test pola letra "D", ou anulación da pregunta.

O tribunal entende que non pode darse por válida a resposta d) porque existe unha resposta precisa e correcta que é a c) Precaución, que se corresponde co testemuño amarelo. Aínda que non existe normativa reguladora desta cuestión todos os fabricantes de vehículos respectan e utilizan a simboloxía de cores que se corresponde co vermello: perigo ou avaría grave e amarelo: precaución ou avaría leve. A maiores, o apartado 7 das propias alegacións presentadas sinalase que respecto dos ciclomotores e motocicletas o amarelo (ámbar): precaución, fora dos límites normais de funcionamento, fallo do sistema do vehículo, dano probable para o vehículo ou outra circunstancia que poida acarrexar un perigo a longo prazo." E isto estase a aplicar no resto de vehículos.

-alegación correspondente ao escrito presentado no rexistro co código de solicitude W981776-4451 que se refire á pregunta nº24 ao entender que poden ser correctas as contestacións a e b, e solicita a anulación de dita pregunta.

O tribunal considera que a pregunta refírese ao circuíto de engraxe, entendendo como circuíto de engraxe o das partes móbiles do motor; polo que o atasco do filtro que está antes de dito circuíto de engraxe o que produciría sería unha baixada de presión no mesmo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/10/2023 09:34	Páxina 1 de 2
41105-220	CSV: AAA333-44A433-CHD4AF-SYHZP-HGE9CA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



De conformidade co exposto, o órgano de selección acorda desestimar as 2 alegacións presentadas e proceder a publicación deste acordo.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10.30 horas, dáse por rematada a segunda sesión do órgano de selección.

Sinatura dixital

A Secretaria,
Susana García Álvarez

O Presidente,
J. Bea Puentes

